

Rede Eusumo

>> Informe de actividade

Ano 2018

XUNTA DE GALICIA

Índice

A ECONOMÍA
SOCIAL
EN GALICIA

3

ESg

QUE É A
REDE EUSUMO

6



QUEN FORMA
PARTE DA REDE

7



QUE FACEMOS

8



AXUDAS

14



PREMIOS

17



DESTACADOS

18



RESUMO

24



ESg A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA



“Conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que o integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual”

A economía social en Galicia está regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

Forman parte da economía social de Galicia

AS COOPERATIVAS

AS SOCIEDADES LABORAIS

OS CENTROS ESPECIAS DE EMPREGO (CEE)

AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL (EIL)

AS MUTUALIDADES

AS CONFRARÍAS DE PESCADORES

AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN (SAT)


AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

AS FUNDACIÓNS E AS ASOCIACIÓNS QUE LEVEN A CABO ACTIVIDADE ECONÓMICA

A Esg en cifras

Ano 2018

AS COOPERATIVAS



AS SOCIEDADES LABORAIS



OS CENTROS ESPECIAS DE EMPREGO



AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL



Cooperativas e Sociedades Laborais en cifras no 2018



1.341
Cooperativas

72
Cooperativas
constituídas
no 2018



32 Cooperativas con 2 socios



40 Cooperativas con 3 ou máis socios

245
Socios promotores
no 2018



52,5% homes



47,5% mulleres



1.561
S.laborais

45
S.laborais
constituídas
no 2018



142
Socios promotores
no 2018

142
Socios promotores
no 2018



59,2 % homes



40,8 % mulleres




QUE É A REDE EUSUMO

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social creada en 2012.

OBXECTIVOS

- ① **Fomentar o espírito emprendedor** a través da economía social.
- ② **Prestar apoio directo á creación e consolidación de emprego** con base na economía social.
- ③ **Impulsar o modelo empresarial no ámbito local**



QUEN FORMA PARTE DA REDE

206 entidades socias | 3 novos socios no 2018

Asociacións de entidades de economía social

Cooperativas galegas

Administracións públicas: concellos, mancomunidades, deputacións


Asociacións de desenvolvemento rural e grupos de acción local

Cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais

Universidades

Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro

QUE FACEMOS





Asesoramento e acompañamento

A Rede Eusumo ten un compromiso coas persoas emprendedoras que queren apostar por proxectos de economía social.

Neste sentido a rede:

- Traballa na maduración de ideas e modelos de negocio de ES
- Asesora e acompaña proxectos de economía social
- Aposta polo mentoring a emprendedores e promotores
- Impulsa o salto de escala en empresas de economía social

Ano 2018

112

proxectos
asesorados e titorizados
87 en curso
15 pechados

10

entidades de ES
constituídas

322

persoas titorizadas
45,0% homes
55,0% mulleres



Formación

A Rede Eusumo procura a formación en ES para mellorar as capacidades técnicas do persoal das entidades do sector e así favorecer a súa competitividade.

Neste sentido conta cun amplo catálogo formativo que combina a formación en liña e presencial en materias como:

- Xestión de proxectos
- Internacionalización
- Ferramentas innovadoras
- Marketing dixital
- Finanzas
- Comunicación
- Habilidades directivas
- ...

Ano 2018

85

cursos formativos

1.943

alumnos e alumnas
40,7% homes
59,3% mulleres



Actividades divulgativas

No seu labor de fomento da economía social en Galicia, a rede impulsa actividades de difusión da ES, promoción dos seus valores e divulgación das oportunidades de emprendemento que ofrece este sector.

Ademais a Rede Eusumo traballa na promoción da economía social entre persoal docente, axentes de emprego e de emprendemento e outros colectivos interesados.

Outras das actividades promovidas son as vinculadas con dar a coñecer a economía social e os seus valores nos centros educativos e formativos de Galicia.

Ano 2018

114

actividades divulgativas

2.778

participantes

45,7% homes

54,3% mulleres



Comunicación e documentación

A comunicación da economía social é un dos obxectivos centrais da Rede Eusumo. Ademais da difusión a través das RRSS, trabállase na xeración de recursos e contidos didácticos, informativos e audiovisuais para promover e dar a coñecer a economía social.

Ano 2018

10.385 Seguidores
4.359 Publicacións
1,6 MILLÓNS Impresións e visualizacións

REDES SOCIAIS



17

ENTREVISTAS

11

Outros recursos divulgativos



Participación en feiras

A Rede Eusumo organiza ou participa noutros actos e feiras co obxectivo de dar maior difusión e promoción ao cooperativismo e a economía social, facilitando a asistencia conxunta das entidades de economía social que o soliciten.

Xornada de mercados gastronómicos

Santiago de Compostela 22 de xaneiro
15 entidades expositoras

19º Saló n Internacional de Turismo Gastronómico Xantar 2018

Ourense 31 de xaneiro a 4 de febreiro
10 entidades expositoras

FP innova Galicia 2018

Congreso de innovación na formación profesional para profesorado
25, 26 e 27 de abril

XXIX Feira multisectorial ExpoOrdes

Ordes 27 a 29 de abril
7 entidades expositoras

Ano 2018

8

FEIRAS

XLI Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia – Saló n internacional do Atlántico

Silleda 7 a 10 de xuño
13 entidades expositoras

Pont Up

Pontevedra do 20 ao 22 de setembro

XI Edición de Culturalgal

Pontevedra 30 de decembro a 2 de decembro
14 entidades expositoras

I Encontro Universidade Economía Social

Santiago de Compostela 28 de decembro



Axudas para o fomento da ES en Galicia

➤ SUBVENCÍONS ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

A súa finalidade é promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social, establecendo medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia

Crédito dispoñible
368.790,00 €

Número de solicitudes aprobadas
11

Importe concedido
293.576,54 €

➤ SUBVENCÍONS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Estas subvencións teñen como fin promover a integración laboral das persoas con discapacidade

Programa I. Apoio á creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos de traballo nos CEE.

Programa II. Subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos CEE.

Programa III. Axudas ao mantemento do custo salarial.

Crédito dispoñible

Programa I: 1.126.000,00 €
Programa II: 1.350.000,00 €
Programa III: 11.984.000,00 €

Número de solicitudes aprobadas

Programa I: 28
Programa II: 83
Programa III: 139

Importe concedido

Programa I: 887.466,24 €
Programa II: 938.671,52 €
Programa III: 11.511.752,24 €



Axudas para o fomento da ES en Galicia

➤ PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL

É o principal instrumento regulador de subvencións dirixidas ao emprego e emprendemento colectivo, concretamente en cooperativas e sociedades laborais.

Programa I: Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Programa II: Programa de fomento do acceso á condición de persoa socia

Crédito dispoñible

Programa I: 1.937.400,00€

Programa II: 1.461.648,64€

Número de solicitudes aprobadas

Programa I: 107

Programa II: 225

Importe concedido

Programa I: 1.804.650,00€

Programa II: 1.383.040,44€

➤ PROGRAMA DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL

Ten por finalidade fomentar a dinamización da economía local, identificando oportunidades de negocio no territorio e seleccionando un grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica no dito sector a través da constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral.

Programa I: fomento de laboratorios cooperativos no rural

Programa II: impulso de proxectos empresariais colectivos

Crédito dispoñible

Programa I: 200.000,00€

Programa II: 300.000,00€

Número de solicitudes aprobadas

Programa I: 13

Programa II: 0

Importe concedido

Programa I: 123.393,93€

Programa II: --



Axudas para o fomento da ES en Galicia

➤ AXUDAS A GASTOS FUNCIONAMENTO ENTIDADES ASOCIATIVAS

Establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións destinadas a sufragar os gastos de organización interna e funcionamento de entidades representativas da economía social, a través dos seguintes programas de axudas

Programa I. Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Programa II. Fomento e consolidación das asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

Crédito dispoñible

Programa I: 230.000,00€
Programa II: 60.000,00€

Número de solicitudes aprobadas

Programa I: 4
Programa II: 2

Importe concedido

Programa I: 230.000,00€
Programa II: 60.000,00€

➤ AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL POR ENTIDADES SOCIAS DA REDE EUSUMO

As axudas da Rede Eusumo están orientadas a fomentar a realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo.

Crédito dispoñible


1.124.000,00€

Número de solicitudes aprobadas

20

Importe concedido

952.855,03€



PREMIOS

➤ PREMIOS Á COOPERACIÓN

O obxectivo deste programa é fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade autónoma galega

Os premios establecidos distinguen as seguintes categorías:

- Aos valores cooperativos.
- Ao mellor proxecto cooperativo novo.
- Á traxectoria cooperativa.

➤ COOPERATIVISMO NO ENSINO

O obxectivo deste programa é difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanza de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

Establécense as seguintes modalidades de participación:

- Actividades artísticas.
- Actividades cooperativizadas.
- Proxectos empresariais cooperativos.

Crédito dispoñible

15.000,00 €

Número de solicitudes

14

Crédito dispoñible

28.000,00 €

Número de solicitudes

27

Número de centros participantes

16

Alumnos participantes

300



DESTACADOS na ES en Galicia

MES DO COOPERATIVISMO

- Campaña cooperativismo en movemento
- Cooperativismo nas escolas
- Cooperativismo de portas abertas
- Día do cooperativismo galego 2018

MES DO COOPERATIVISMO

Campaña cooperativismo en movemento

A compañía Inventi Teatro foi a encargada de levar polas vilas galegas un espectáculo en movemento para transmitir os beneficios do traballo conxunto a través dun explosivo espectáculo de rúa onde maiores e pequenos puideron probar de primeira man os produtos da Tropa do Doutor Milagre e comprobar que só cooperando se consegue facer a viaxe.

Este espectáculo percorreu as vilas de Narón, Viveiro, Ourense, Lalín, Lugo e A Estrada. En cada unha delas ademais instalouse unha exposición sobre os valores e as principais características das cooperativas.





DESTACADOS na ES en Galicia

MES DO COOPERATIVISMO

Cooperativismo nas escolas

Os centros educativos premiados no Certame Cooperativismo no ensino puideron gozar do espectáculo “A máquina do Tempo”, de Teatro Ghazafellos. Unha máquina do tempo creada pola autoproclamada “científica máis grande da historia”, levou aos nenos e nenas a coñecer todo tipo de personaxes desde a prehistoria aos nosos días, ensinando que, desde os tempos máis remotos, o ser humano tivo que cooperar para poder sobrevivir e mellorar os seus coñecementos e capacidades, tanto individuais coma colectivas, para poder evolucionar e progresar.

Os colexios que resultaron premiados foron o CPI O Cruce de Cerceda, o CEIP Sestelo Baión de Vilanova de Arousa, o CEIP plurilingüe Domaio de Moaña, o CEIP San Miguel de Reinante de Barreiros e o IES Melide, desta localidade.





DESTACADOS na ES en Galicia

MES DO COOPERATIVISMO

Cooperativismo de portas abertas

Durante o mes de xuño levouse a cabo unha campaña de comunicación entre as cooperativas para que o día 6 de xullo, día anterior ao Día Internacional do cooperativismo, abrisen as súas portas ao público. Ata o 30 de xuño, 47 entidades adheríranse a esta iniciativa.





DESTACADOS na ES en Galicia

MES DO COOPERATIVISMO

Día do cooperativismo galego 2018

Coincidindo co Día Internacional do Cooperativismo, o 7 de xullo celebrábase o día do cooperativismo galego, na sede da cooperativa Maier Ferroplast S. Coop. Galega no Porriño (Pontevedra).

Da presentación da gala encargábase Rodrigo Vázquez, e o entretemento corre a cargo do grupo Píscore, unha nova compañía de música e comedia xestual que co seu Concerto Singular fará as delicias do público. Ao final da gala os asistentes poderán gozar dun aperitivo a base de produtos cooperativos amenizado pola cantante Najla Shami.

Durante a gala entréganse os Premios á cooperación 2018, que recaeron en: Aira, S. Coop. Galega, na categoría de Valores Cooperativos; Bico de Grao, S. Coop. Galega como Mellor Proxecto cooperativo novo; e Viña Costeira, S. Coop. Galega que obtivo o Premio á Traxectoria cooperativa.

Pola súa banda o premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo do Certame Cooperativismo no ensino foi para os alumnos do CIFP As Mercedes (Lugo) polo proxecto Radon Innova Solucións (Radis), S. Coop. Galega; e o accésit foi para as alumnas o CIFP Someso (A Coruña) polo proxecto Aura, S. Coop. Galega.





DESTACADOS na ES en Galicia

PRESENTACIÓN DO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

O 19 de xaneiro de 2018 as principais entidades representativas da economía social de Galicia deciden a constitución do Foro pola Economía Social de Galicia como un espazo de encontro que represente a todas as entidades que conforman este sector cos obxectivos de visibilizar a economía social ante a sociedade e os principais axentes económicos, representar os seus intereses ante os diferentes axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento das entidades de economía social galega a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

Forman parte do Foro as seguintes entidades:

- Asociación de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA)
- Unión de Cooperativas de Galicia ESPAZOCOOP
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL)
- Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego (CEGASAL)
- Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA)



DESTACADOS na ES en Galicia

I ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL


En decembro de 2018 púxose en marcha a primeira Estratexia galega de economía social que, cun orzamentos global de 73 millóns de euros, impulsará un total de 25 medidas ata 2021, co obxectivo de xerar 3.000 empregos e crear 300 novas entidades neste eido.

Trátase dunha iniciativa consensuada co sector para crear novas oportunidades de negocio en empresas que están enfocadas ás persoas e que contan cunha maior cohesión territorial e social.

En concreto, esta estratexia está dirixida, principalmente, ás cooperativas, ás sociedades laborais, aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral. En total, 3.000 entidades que xeran preto de 14.500 empregos e que contan cun volume de negocio próximo aos 3.000 millóns de euros.

O obxectivo final da nova Estratexia Galega de Economía Social será incrementar nun 10% as entidades de economía social, chegando ás 3.300; aumentar nun 20% os empregos, ata os preto de 17.500; potenciar a presenza feminina nestas entidades, acadando o 50% de mulleres promotoras nas novas cooperativas e sociedades laborais; e reducir á metade o tempo de constitución destas entidades, favorecendo o procedemento electrónico e mellorando a organización dos rexistros.

Entre os retos aos que se enfrenta esta folla de ruta están: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidade. Como retos transversais: igualdade de oportunidades, intercooperación e tecnoloxía.






RESUMO RESULTADOS

Ano 2018

ESg Cifras da ES en Galicia

1.341 Cooperativas	72 Cooperativas Constituídas no 2018	1.561 S.laborais	45 S.laborais Constituídas no 2018	109 Centros	6 Centros Constituídos no 2018	10 EIL
------------------------------	--	----------------------------	--	-----------------------	--	---------------

REDE EUSUMO

 206 socios 3 novos	 112 proxectos asesorados e titorizados	 85 cursos formativos
	10 entidades de ES constituídas	1.943 alumnos e alumnas
	321 persoas titorizadas	

 **114** actividades
divulgativas
2.778 participantes

 **8** feiras

REDES SOCIAIS

10.385 Seguidores

1,6 MILLÓNS Impresións e visualizacións

4.359 Publicacións

27 Recursos divulgativos



AXUDAS, PREMIOS DESTACADOS

AXUDAS →

20.141.838,64 €
Importe axudas convocatorias

18.185.838,64 €
Importe axudas concedidas

PREMIOS

43.000,00 €
Premios á cooperación
Cooperativismo no ensino

DESTACADOS

Mes do cooperativismo
Foro pola economía social galega
I Estratexia galega de ES



eusumo.emprego@xunta.gal
www.eusumo.gal